

Hónrome en presentarlles a continuación á Pregoeira do San Ramón 2000 e mantedora da XXVI edición do Certame Literario do excmo. Concello de Vilalba.

De sempre, o concello vilalbés distinguiuse por elixir entre os seus fillos presentes ou ausentes na vila aqueles que eran chamados a facer de voceiros en grandes ocasións vilalbesas, como son as festas patronais de San Ramón e Santa María. E digo presentes e ausentes, porque moitos vilalbeses teñen a sorte de poder vivir permanentemente en Vilalba e outros teñen – temos – que estar fóra, por pequena que sexa a distancia.

A Pregoeira do presente ano, é unha vilalbesa das que se ven na obriga de residir fóra da vila, pero enraizada e vencellada a elas cos atumes máis fortes.

Neta de don Manuel Pena e Dona Paz Olano, é filla de dona Carmen López e don Pablo Pena de Olano. Don Pablo, por certo, foi tamén pregoeiro destas festas hai anos, e persoa vencellada desde sempre á vida e á historia desta terra.

Se ben Maria do Carme Pena naceu en Salamanca, a súa infancia estivo fundamente vencellada a Vilalba e ata que casou pasou os veráns en Vilalba, tendo a sorte – que compartimos moitos vilalbeses que daquela a coñecemos e tratamos- de asistir todo un curso á escola de Doña Amelia, á beira mesma do castelo, e á catequese na parroquial vilalbesa impartida pola común veciña Ana Villarino.

Tal día coma hoxe foi Raíña das Festas patronais vilalbesas, e mantén con Vilalba e moitas das súas xentes unha permanente relación de amizade e veciñanza.

A Pregoeira do último san Ramón do milenio é Historiadora da arte, especialista en arte contemporánea, Catedrática de Teoría e Historia da Arte na Universidade Complutense de Madrid.

No seu haber ten amplas investigacións e numerosas publicacións, merecendo ser subliñado un libro adicado á historia da paisaxe española da fin do século XIX e comezos do XX que veu a luz en Editorial Taurus en 1983, reeditado en 1998, no que analiza a paisaxe española na arte, especialmente o mito da paisaxe castelá en contraposición simbólica coas paisaxes do norte, especialmente de Galicia.

Ten publicado, asimesmo, unha historia da arte galega dentro do libro “Los Gallegos” e A Arte, en Editorial Galaxia.

No xornal El Independiente foi, durante cinco anos, crítica da arte contemporánea.

Escoitamos xa a MARIA DEL CARMEN PENA LÓPEZ ler o pregón das Festas do San Ramón e Santa María do ano 2000.